

# Mexillón de Galicia

Boletín do CONSELLO REGULADOR DA DENOMINACIÓN DE ORIXE PROTEXIDA MEXILLÓN DE GALICIA. Número 20. Decembro de 2017.

Foto: Bottlenose Dolphin Research Institute BDRI

Mexillóns e golfinhos: unha convivencia en harmonía

## 03 Etiquetaxe

MAR COMPROMÉTESE  
A GARANTIR O  
CUMPRIMENTO  
DA NORMATIVA

## 08 Promoción

A CAMPAÑA DE  
COMUNICACIÓN DA  
DOP OBTÉN EXCELENTES  
RESULTADOS



## A MINERÍA NON PODE PÓR EN RISCO A RIQUEZA DAS NOSAS RÍAS

A uns 80 km da costa arousán atópase a Mina de Touro. Unha explotación a ceo aberto da que se extraeron entre 1974 e 1986 varios millóns de toneladas de mineral de cobre. En 1986, debido á caída do prezo do cobre, a empresa Riotinto abandona o xacemento sen realizar ningunha acción de recuperación da superficie afectada. Máis de 600 hectáreas (equivalentes a uns 830 campos de fútbol) cubertas por escombros, cortas profundas... expostas á intemperie, o que orixinou unha importante afección dos solos, das augas (superficiais e subterráneas) e dos ecosistemas, tanto no interior da concesión como no seu entorno e área de influencia. Augas e solos hiperácidos e hiperoxidantes, e drenaxes hiperácidas con altas concentracións de  $\text{SO}_4^-$ , Al, Fe, Mn, etc que contaminaron varios cursos de auga tributarios do río Ulla. A pegada ambiental de Touro é tan extensa que, augas abaixo, no estuario do Ulla, se detectou a presenza de sedimentos contaminados por metais, que en parte teñen orixe nesta mina. Ante esta grave situación de degradación ambiental, dende 2002, financiados con cartos públicos, realizáronse diversos ensaios para

a recuperación ambiental deste espazo. Destacar os promovidos pola Consellería do Mar: o proxecto europeo Gestinmer e o proxecto Jacumar, nos que se comprobou que a cunha de mexillón e os excedentes do laboreo son materiais ideais para a recuperación destes espazos degradados.

### AS ADMINISTRACIÓNS DEBEN APLICAR O PRINCIPIO DE PRECAUCIÓN PARA PROTEXER O MEXILLÓN

Lamentablemente pasados 31 anos do abandono da explotación de cobre en Touro, aínda non se completou a recuperación das áreas degradadas, o que segue orixinando un significativo impacto negativo neste entorno.

Pese a esta situación, a finais de agosto sorprendeunos a noticia de que a Sociedade Cobre San Rafael, participada pola multinacional mineira Altalaya Mining, pretende

retomar a actividade extractiva en Touro, cun proxecto a 16 anos que afectará a unhas 700ha, onde se traballará sobre dez grandes ocios mineiros a ceo aberto, dos que se calcula extraer 267 millóns de toneladas de materiais, xerándose un volume importantísimo de materiais non inertes e residuos con distinto grao de perigosidade. A magnitude da explotación refléxase por exemplo nas dimensións dunha das balsas de almacenamento de lodos, que estará pechada por un dique de 3.187 metros de lonxitude, cunha altura de 81 metros. Pero aínda resulta máis preocupante que a multinacional acapara os dereitos de compra das concesións de explotación que rodean a mina de Touro, o que sumaría unha superficie a explotar de 12.270 ha (case 17.185 campos de fútbol).

Ante o risco ambiental que proxectos mineiros como o de Touro ou o de San Finx, preto de ría de Muros-Noia, supoñen para a calidade das augas das rías, é necesario que as administracións apliquen o principio de precaución para protexer as actividades de cultivo de mexillón, pesca artesanal e marisqueo que se desenvolven augas abaixo destas explotacións mineiras, e que son pilar importante da riqueza, tamén económica, da Galicia costeira.

**Ángeles Longa**  
Departamento de I+D+i da DOP